

# Peza de suspense

Coa novela *A lúa dos Everglades* Xesús Manuel Marcos acadou o Premio de Creación Literaria Terra de Melide na convocatoria de presente ano. Á vez, o narrador courelao prosegue a súa traxectoria literaria que recibiu un forte pulo promocional cando no ano 2004 a súa peza *O brindo de ouro* se fixo merecedora do Premio Merlín. Porén, Xesús Manuel Marcos xa se dera a coñecer como narrador do sistema literario galego no ano 1994 co relato "Aliados solitarios", gañador do Premio Modesto Rodríguez Figueirido do Pedrón de Ouro. Desde aquela data, e sen as urxencias que, con frecuencia, fan que se estrele máis dunha carreira literaria, Xesús Manuel Marcos foi erguendo o seu persoal edificio literario, alicerzado na boa calidade das súas tramas argumentais e nunha correcta arquitectura do relato. Aquela escolma de relatos de perdedores que nos ofreceu a súa obra *Fonte de Esperante* (2005), é unha proba da exactitude do anterior xuízo.

Agora con esta novela, que tira o seu título dun dos máis grandes humidais do mundo (os Everglades de Florida), X. M. Marcos non abandona en realidade o relato curto, se ben é capaz de suturar as tres historias que compoñen o li-

**AUTOR DOMINA  
O RITMO E MAIS  
A ARQUITECTURA  
DO RELATO  
DESDE UNHA  
LINGUAXE EVOCADORA**

bro nun desenlace final froito exclusivo da súa vontade creadora, pero que en ningún intre vén esixido polo dinamismo interno de cada unha delas. En efecto, *A lúa dos Everglades* mestura tres historias de novo cun vencello común: os seus protagonistas están outra vez marcados polos ferróns da derrota, derrota, porén, que xa non acontece nun espazo rural e que vén provocada pola ruindade doutros membros da súa mesma especie. As liñas argumentais sitúannos pois nun triple escenario narrativo: o barrio Belgrano de Bos Aires, Madrid e Miami. Tres territorios afastados, máis


## Os cairos dos exilios interiores

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

destino da emigración galega. No primeiro transcorre a historia dos Quintelo, tres vellos galegos que aparecen asasinados un día na súa casa do barrio bonarense. En Madrid un mozo escritor fai amizade cun seu veciño xubilado que vive ensumido na soidade. Finalmente na Dtown de Miami, Aurora que fuxira de moza das violacións ás que a sometía seu padrasto, é atacada por unha besta carraxenta que malla nela con brutalidade. Alí fica estarricada na beirarrúa namentres a lúa escintila por riba dos Everglades.

*A lúa dos Everglades* pretende ser unha peza de suspense tecida cos fíos dos sentimentos e das emocións, mais tamén cos arames da saudade, o medo, a morte e a soidade. E sobre todo, unha homenaxe á emigración galega e unha reflexión verbos doe exilios interiores dunhas persoas obrigadas a tomaren os camiños da emigración.

Novela enteiramente urbana, sen grandes heroes, con personaxes que apenas pasan á acción. Novela así mesmo fragmentaria, con mestura non só de tramas argumentais, senón tamén de puntos de vista, de estratexias narrativas e mesmo coa introdución de materiais aparentemente alleos ao desenvolvemento das historias. Non obstante, todo iso non é un atranco para que o lector sega o norte da trama e se manteña a tensión narrativa porque o autor domina o ritmo e a arquitectura do relato e ademais



A partires desde comezo, moi de vagar e coa banda sonora dos Tamara (músicos moi relacionados coa nosa emigración) marcando o ritmo, estas tres historias de amores rancos e aparentemente sen vencello entre elas, van converxendo ata confluír nunha única familia de emigrantes galegos espallados polo mundo e cuxas existencia, por diversas circunstancias, emprenderán diferentes camiños.

pretende seducir o lector cunha linguaxe cun alto valor connotativo ou evocador que fai que a súa escrita se enriqueza con insospeitados matices.

MARCOS, Xesús Manuel, *A lúa dos Everglades*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 190 páxinas.